Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "ARRANXO ESPAZO DESTINADO Á INFANCIA EN PRESARAS"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, Fernando Pérez Fernández

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Vilasantar ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar con CIF P1509100B, para o financiamento da obra de "**ARRANXO ESPAZO DESTINADO Á INFANCIA EN PRESARAS"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños MANUEL BARREDO PÉREZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	34.724,63
Gastos xerais (13%)	4.514,20
Beneficio industrial (6%)	2.083,48
IVE (21%)	8.677,69
Orzamento de contrata	50.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/151B/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado,

deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.
1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.
1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.
1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR

Diego Calvo Pouso

Fernando Pérez Fernández"

44.-APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 25 de outubro de 2013 e publicadas no BOP nº 206 do 29 de outubro de 2013

Vistos os proxectos e demais documentación que están correctos e completos relativos á anualidade 2014 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que foron presentados telematicamente polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en outubro de 2013

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2014, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados en que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no anexo I (POS - investimentos), no anexo II (POS - gastos correntes) e no anexo III (POS- amortización de débeda) a este acordo.

		POS 2014		
		DESAGREGACIÓN DE FINANCIAMENTO		
SECCIÓN	**PARTIDA**	**DEPUTACIÓN**	**CONCELLO**	**TOTAL**
POS- gastos correntes	0430 / 459A/ 46201	6.971.419,93	0,00	6.971.419,93
POS - amortización de débeda	0430 / 459A/ 46201	233.165,49	0,00	233.165,49
POS- Investimentos: obras e subministracións	0430/ 459A / 76201	16.992.017,48	1.069.595,42	18.061.612,90
	TOTAIS	24.196.602,90	1.069.595,42	25.266.198,32

2.- Aprobar os proxectos das obras e subministracións incluídas no apartado POS - investimentos. No entanto, a aprobación definitiva dos investimentos que no anexo I teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo I.

3.- Aprobar o Plan complementario ao apartado POS - investimentos, no que se inclúen as obras e subministracións que se detallan no anexo IV a este acordo. Estas obras e subministracións teñen carácter de supletorio e financiaranse con cargo aos remanentes que se puidesen xerar por anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

Aprobar, así mesmo, os proxectos das obras e subministracións incluídas no Plan complementario. No entanto, a aprobación definitiva das obras e subministracións que no anexo IV teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo.

4.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado POS - investimentos realizarana os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que optaron por destinar unha parte da cantidade asignada no POS 2014 ao financiamento dos seus gastos correntes dispostos para o exercicio 2014 e á amortización da súa débeda financeira cuxa relación e importe que se ha transferir figura, respectivamente, nos anexos II e III a este acordo.

O devandito pago realizarase con cargo á partida 0430/459A/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente.

6.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

7.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia aos efectos dispostos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado

8.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais

9.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

10.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.”

POS - 2014

Expediente de aprobación do Plan provincial de cooperación
ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2014)

Anexo I: **Investimentos: obras e subministracións**

Concello	Código	Denominación	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
ABEGONDO	14.2100.0001.0	SEGURIDADE VIARIA AC-542 PICOTA - NOGUEIRAS (FASE I)	68.638,41	0,00	68.638,41	Acreditación da obtención da autorización Axencia Galega de Infra.
	14.2100.0002.0	BEIRARR, MARXE DTA. AC-221 VILAR-PAZO (CRENDES)	64.240,27	0,00	64.240,27	
	14.2100.0003.0	REP.CMÑO. LANCARA-MABEGONDO E VILAR-CRENDES	33.794,63	0,00	33.794,63	
		TOTAL	**166.673,31**	**0,00**	**166.673,31**	
AMES	14.2100.0004.0	ACCESO APARCADOIRO CAMPO FUTBOL MILLADOIRO E OU.	75.696,55	0,00	75.696,55	
	14.2100.0005.0	PAVIMENT. RUA FONTALDEIRO-CANTALARRANA E OU.	78.357,36	0,00	78.357,36	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0006.0	SENDA PEONIL TRAS DO RÍO-COLEXIO AGRO MUIÑO E OU.	81.666,61	0,00	81.666,61	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0007.0	BEIRARRÚA E FIRME RÚA XAQUIN LORENZO E OU.	86.375,96	0,00	86.375,96	
	14.2100.0008.0	APARCADOIRO COLEXIO VENTÍN E ASF. R, DO XEIXO E OU.	76.317,66	0,00	76.317,66	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	**398.414,14**	**0,00**	**398.414,14**	
ARANGA	14.2100.0009.0	MELLORA PAVIMENTACIÓN PRRQS. FERVENZAS E FEÁS	35.968,94	1.893,10	37.862,04	
	14.2100.0010.0	MELLORA PAVIMEN. PRRQS. CAMBAS-ARANGA-VILARRASO	87.875,34	4.625,02	92.500,36	
	14.2100.0011.0	MELLORA PAVIMENTACIÓN PARROQUIA DE MUNIFERRAL	77.174,53	4.494,67	81.669,20	
		TOTAL	**201.018,81**	**11.012,79**	**212.031,60**	

ARES	14.2100.0012.0	REDE ABAST.AUGA MALATA,CHAO DO MONTE, IXOBRE E OU.	110.371,00	0,00	110.371,00	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraest.
		TOTAL	**110.371,00**	**0,00**	**110.371,00**	
ARTEIXO	14.2100.0013.0	SANEAM. CAMPO DE ANIDE PIÑEIRO E CASAS NOVAS	204.839,76	35.696,72	240.536,48	
	14.2100.0014.0	3ª AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO PRRQ, DE BARRAÑAN	206.079,86	35.912,83	241.992,69	
	14.2100.0015.0	MELLORA DE REDE DE PLUVIAIS EN PASTORIZA	137.423,14	23.948,26	161.371,40	
		TOTAL	**548.342,76**	**95.557,81**	**643.900,57**	
ARZÚA	14.2100.0016.0	CAMIÑO NO CASTRO (PREGUNTOÑO) E OUTROS	34.996,87	7.346,37	42.343,24	Acreditación da obtención de Augas de Galicia Acreditación da obtención da autorización Axencia Galega de Infra.
	14.2100.0017.0	CMÑO. PASTORIZA- PREGUNTOÑO E CMÑO DA PENA	40.174,55	0,00	40.174,55	Acreditación da obtención de Augas de Galicia
	14.2100.0018.0	CAMIÑO SALMONTE POR BAIOBRE (BRANZÁ)	35.890,52	0,00	35.890,52	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0019.0	CUNETA EN RENDAL E CAMIÑO DE GULDRIS (RENDAL)	35.865,44	0,00	35.865,44	
		TOTAL	**146.927,38**	**7.346,37**	**154.273,75**	
BAÑA (A)	14.2100.0020.0	PAVIMENTACIÓN EN VILELA E A ESTIVADIÑA	44.653,17	0,00	44.653,17	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0021.0	PAVIMENTACIÓN EN TRECE, COTOBADE E QUINTEIRO	40.051,58	0,00	40.051,58	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0022.0	PAV.EDREIRA,MUNDRIS,VALIÑA,TARROEIRA E CORNEIRA	48.618,71	0,00	48.618,71	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**133.323,46**	**0,00**	**133.323,46**	
BERGONDO	14.2100.0023.0	REP. RÚAS PRRQ. DE MORUXO E ROIS (POLIG. INDUS.)	108.142,27	30.492,75	138.635,02	
	14.2100.0024.0	SENDA PEONIL, PLUVIAIS ACCESO DE FIOBRE AO PEDRIDO	82.766,65	38.933,55	121.700,20	
		TOTAL	**190.908,92**	**69.426,30**	**260.335,22**	
BETANZOS	14.2100.0025.0	PAV. RENOV.SERV. R/ EMILIO ROMAY E J.	99.099,17	7.027,74	106.126,91	

		PEREZ SALAS				
	14.2100.0026.0	PAV.,SERV.R/PORTA DO HORREO ENTRE NOVA E DA TORRE	94.164,91	6.669,42	100.834,33	
	14.2100.0027.0	ACT. EDIF.MPAIS.: GARDERIA E VIENDAS M. BALLESTEROS	45.392,89	3.216,16	48.609,05	
		TOTAL	**238.656,97**	**16.913,32**	**255.570,29**	
BOIMORTO	14.2100.0028.0	MELLORA DE CMÑOS. SENDELLE E S.PEDRO DE BRATES	79.318,18	0,00	79.318,18	
		TOTAL	**79.318,18**	**0,00**	**79.318,18**	
BOIRO	14.2100.0029.0	PAVIMENTO DE RUEIRO E ACCESO SUR CEMITERIO	102.840,16	16.352,25	119.192,41	
	14.2100.0030.0	PAVIMENTO DE ACCESOS DE POMAR DO RIO E COMOXO	96.073,68	15.276,34	111.350,02	
	14.2100.0031.0	PAV. ROSOMIL, SEÁN, FIEITEIRA,TALLÓS E PESQUEIRA	94.564,21	15.036,33	109.600,54	
	14.2100.0032.0	PAVIMENTO EN MONTAÑA, MONTAÑÓ E ESCARÍS	82.948,80	13.189,40	**96.138,20**	
		TOTAL	**376.426,85**	**59.854,32**	**436.281,17**	
BOQUEIXÓN	14.2100.0033.0	SENDA PEONIL NA CORNA (CAMPORRAPADO),E OUT.	100.000,00	7.811,68	107.811,68	
		TOTAL	**100.000,00**	**7.811,68**	**107.811,68**	
BRIÓN	14.2100.0034.0	MANT. DE BEIRARRÚAS PRRQS. DE BRIÓN E OS ÁNXELES	37.105,32	28,67	37.133,99	
	14.2100.0035.0	MANT. ESTR. BRIÓN DE ARRIBA A RIAZOAS, GRONZO E OU.	56.540,74	43,69	56.584,43	
		TOTAL	**93.646,06**	**72,36**	**93.718,42**	
CABANA DE B.	14.2100.0036.0	MELL ESTR: O PIÑEIRO, FONTEFRÍA-DOMBATE,CAZÓN E OU.	81.085,81	0,00	81.085,81	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0037.0	MELL ESTR.: AS REVOLTAS-AC429,PEDRACUCA E OU.	83.913,39	0,00	83.913,39	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**164.999,20**	**0,00**	**164.999,20**	
CABANAS	14.2100.0038.0	SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CHAO DA ALDEA	56.841,30	0,00	56.841,30	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de infraest.

						Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**56.841,30**	**0,00**	**56.841,30**	
CAMARIÑAS	14.2100.0039.0	PAVIMENT. E SANEAM. NA RÚA PRINCIPAL DE AROU	83.467,58	0,00	83.467,58	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0040.0	SUBSTITUCIÓN DE PAVIMENTO RÚA CRUZ DE CEDEIRA	50.797,13	0,00	50.797,13	
		TOTAL	**134.264,71**	**0,00**	**134.264,71**	
CAMBRE	14.2100.0041.0	MELL. REDES SERV. EN SIGRÁS DE ABAIXO, PEIRAIO E OU.	259.374,38	0,00	259.374,38	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de infraest. Acreditación da obtención da autorización do Ministerio de Fomento
		TOTAL	**259.374,38**	**0,00**	**259.374,38**	
CAPELA (A)	14.2100.0042.0	COLECTOR DE SANEAMENTO EN SANDE	35.536,76	0,00	35.536,76	Acreditación da obtención da autorización de vertido de Augas de Galicia Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0043.0	SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NA ESTOXA	30.295,63	0,00	30.295,63	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**65.832,39**	**0,00**	**65.832,39**	
CARBALLO	14.2100.0044.0	VIAIS NAS PRRQS. DE NOICELA, LEMA, OZA, BERTOA E OU.	229.929,11	1.325,19	231.254,30	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	14.2100.0045.0	REP.CMÑOS DAS PARROQUIAS DE CARBALLO E SOFAN	223.986,54	0,00	223.986,54	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	14.2100.0046.0	MELLORA CMÑOS. PRRQS. DE BERDILLO E SOFAN	208.666,47	0,00	208.666,47	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	**662.582,12**	**1.325,19**	**663.907,31**	
CARNOTA	14.2100.0047.0	PAVIMENTACIÓNS NA PRAZA DA SOLAINA NO PINDO	69.760,80	0,00	69.760,80	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**69.760,80**	**0,00**	**69.760,80**	

CARRAL	14.2100.0048.0	ACONDIC. E MELLORA NA PARROQUIA DE SAN VICENTE	105.382,14	0,00	105.382,14	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**105.382,14**	**0,00**	**105.382,14**	
CEDEIRA	14.2100.0049.0	ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DO FLOREAL	153.746,11	8.091,90	161.838,01	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**153.746,11**	**8.091,90**	**161.838,01**	
CEE	14.2100.0050.0	REDE SAN. R/VAQUEZ QUEIPO, RIO FERROL E OU.	33.784,82	0,00	33.784,82	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de infraest.
	14.2100.0051.0	ADECUACIÓN DE RÚAS DO SON	50.202,11	0,00	50.202,11	
		TOTAL	**83.986,93**	**0,00**	**83.986,93**	
CERCEDA	14.2100.0052.0	REP. ESTR.: CERCEDA-ORDES E CERCEDA-CORUÑA	135.085,44	0,00	135.085,44	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**135.085,44**	**0,00**	**135.085,44**	
CERDIDO	14.2100.0053.0	CMÑO. REGO DA MADEIRA AO LIMITE CONC. MOECHE	46.767,45	0,00	46.767,45	
		TOTAL	**46.767,45**	**0,00**	**46.767,45**	
COIRÓS	14.2100.0054.0	SEGURIDADE VIARIA EN LONGRAS FASE II	47.000,00	4.419,66	51.419,66	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**47.000,00**	**4.419,66**	**51.419,66**	
CORCUBIÓN	14.2100.0055.0	MELL.PAV.E SAN.CALEXÓN DE PAIS E AVDA.CONSTITUCIÓN	34.991,83	1.841,68	36.833,51	
		TOTAL	**34.991,83**	**1.841,68**	**36.833,51**	
CORISTANCO	14.2100.0056.0	REDE AUGA PARRQ. DE COUSO E CMÑOS. ERBECEDO	52.342,40	2.754,87	**55.097,27**	

	14.2100.0057.0	MELLORA CAMIÑOS RURAIS NA PARROQUIA DE SEAVIA	76.434,60	4.022,88	**80.457,48**
		TOTAL	**128.777,00**	**6.777,75**	**135.554,75**
CORUÑA (A)	14.2100.0058.0	SANEAM. RÚA PARÍS. TRAMO RÚA ATENAS – RÚA XENEBRA	166.787,74	164.086,30	330.874,04
		TOTAL	**166.787,74**	**164.086,30**	**330.874,04**
CULLEREDO	14.2100.0059.0	CONST.Y EQUIP. POLID. VALLESUR Y LOS OLIVOS (ORRO)	91.253,01	4.802,79	96.055,80
	14.2100.0060.0	PAVIMENTACION EN RUA PAN VIEIRO	57.844,80	3.044,47	60.889,27
	14.2100.0061.0	PAVIMENTACIÓN EN RUA RAFAEL ALBERTI	39.257,87	2.066,21	41.324,08
	14.2100.0062.0	PAVIMENT. EN RUA LARGO CABALLERO E PRAZA EUROPA	135.983,28	7.157,02	143.140,30
	14.2100.0063.0	PAVIMENTACION EN RUA CONSTITUCION	39.669,49	2.087,87	41.757,36
	14.2100.0064.0	PAVIMENTACION DE VINSEIRA A CELAS	41.193,80	2.168,10	43.361,90
		TOTAL	**405.202,25**	**21.326,46**	**426.528,71**
CURTIS	14.2100.0065.0	PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS DA PARROQUIA DE FOXADO	93.726,05	4.932,95	98.659,00
		TOTAL	**93.726,05**	**4.932,95**	**98.659,00**
DODRO	14.2100.0066.0	CAMIÑO CARREIRA A COBA (BEXO) E OUTROS	54.588,15	0,00	54.588,15
	14.2100.0067.0	CAMIÑO DE VIGO A AC-305 (GASOLINERA) E OUTROS	62.145,71	50,00	62.195,71
		TOTAL	**116.733,86**	**50,00**	**116.783,86**

DUMBRÍA	14.2100.0068.0	HUMANIZ. TRAVESIA ACCESO A IGREXA DE BERDEOGAS	96.928,78	0,00	96.928,78	
	14.2100.0069.0	PAVIMENTACION INTERIOR EN VILAR SUR (OLVEIRA)	52.985,57	0,00	52.985,57	
		TOTAL	**149.914,35**	**0,00**	**149.914,35**	
FENE	14.2100.0070.0	CAMIÑO DA XUNQUEIRA (MAGALOFES) E OUTROS	76.950,93	0,01	76.950,94	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio Acreditación da obtención da autorización da Deputación Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	14.2100.0071.0	SEG. VIAL AVDA. MARQ. FIGUEROA KM.0,67 A 0,81 (ESQ.)	175.114,42	0,00	175.114,42	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraest. Acreditación da obtención da Axencia estatal de seguridade area Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	**252.065,35**	**0,01**	**252.065,36**	
FERROL	14.2100.0072.0	AGLOMERADO ESTRADA DA PEGA	68.426,09	0,00	68.426,09	
	14.2100.0073.0	MANTEMENTO NO CEMITERIO DE CATABOIS	37.805,79	139.839,68	177.645,47	
		TOTAL	**106.231,88**	**139.839,68**	**246.071,56**	
FISTERRA	14.2100.0074.0	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN MALLAS	85.046,05	0,00	85.046,05	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**85.046,05**	**0,00**	**85.046,05**	
FRADES	14.2100.0075.0	MELL.PISTAS PRRQS. ABELLÁ, GALEGOS, MOAR E AIAZO	59.976,00	0,00	59.976,00	
	14.2100.0076.0	MELL.PISTAS PRRQS. VITRE, PAPUCIN, FRADES E MESOS	56.268,75	0,00	56.268,75	
	14.2100.0077.0	MELL. PISTAS PRQS. GAFOI, LEDOIRA, AÑÁ E CÉLTIGOS	46.275,16	0,00	46.275,16	
		TOTAL	**162.519,91**	**0,00**	**162.519,91**	

IRIXOA	14.2100.0078.0	MELLORA ÁREA DE SERVIZOS MÚLTIPLES DE MÁNTARAS	37.203,53	0,00	37.203,53	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	14.2100.0079.0	MELLORAS ESTR.COSTA SAN SIMÓN A PONTE NAVEIRA	34.281,14	0,00	34.281,14	
		TOTAL	**71.484,67**	0,00	**71.484,67**	
LAXE	14.2100.0080.0	MANT. ESPAZOS COMÚNS DO CEMITERIO MUNICIPAL	40.897,00	0,00	40.897,00	Acreditación da obtención da autorización da Consellería Medio RuraI Acreditación da obtención da autorización da C.Medio Ambiente Terr. e Inf.
	14.2100.0081.0	PECHE CEMITERIO DE TRABA E ACOND.ZONA DE APARC.	37.959,89	0,00	37.959,89	
		TOTAL	**78.856,89**	0,00	**78.856,89**	
LARACHA (A)	14.2100.0082.0	MELLORA CAPA RODADURA NUN CMÑO. PRRQ. LESTÓN	41.566,79	3.468,21	45.035,00	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraest.
	14.2100.0083.0	MELL.CMÑOS.EN COIRO, GOLMAR, LENDO E MONTEMAIOR	48.366,75	4.029,25	52.396,00	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0084.0	MELL.CMÑOS. PRRQ. CABOVILAÑO, LEMAIO E SOANDRES	49.744,94	4.144,06	53.889,00	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraest. Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	**139.678,48**	**11.641,52**	**151.320,00**	
LOUSAME	14.2100.0085.0	ACC. Q, DE BERRIMES E PAV.APARC. CEMITERIO TÁLLARA	59.230,52	0,00	59.230,52	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0086.0	CMÑO, ESCABIA-FRUIME E ACC, A MARRACIN DE ABAIXO.	45.198,06	0,00	45.198,06	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	**104.428,58**	**0,00**	**104.428,58**	
MALPICA DE B.	14.2100.0087.0	REFORMA E ADAPTACIÓN PARQUE INFANTIL DE MALPICA	99.792,78	0,00	99.792,78	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0088.0	PAV., INFR. R/ NEVES TR.2 E R/ESQUEIRO OS PETONS TR.1	66.010,23	0,00	66.010,23	
		TOTAL	**165.803,01**	**0,00**	**165.803,01**	

MAÑÓN	14.2100.0089.0	CAMIÑO ESTRADA XERAL AO LOMBO (MAÑÓN) E OUTRO	59.582,30	0,00	59.582,30	
	14.2100.0090.0	ACCESO AO CARBALLAL (GRAÑAS) E OUTROS	49.784,80	0,00	49.784,80	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	**109.367,10**	**0,00**	**109.367,10**	
MAZARICOS	14.2100.0091.0	MELL. CMÑOS. PRRQ.COIRO, ARCOS, BEBA E MAZARICOS	107.917,27	0,00	107.917,27	
	14.2100.0092.0	CMÑOS. PRRQ.CHACÍN, COLÚNS, ANTES, MAROÑAS E OU.	113.297,93	0,00	113.297,93	
		TOTAL	**221.215,20**	**0,00**	**221.215,20**	
MELIDE	14.2100.0093.0	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS PEDROUZO E OUTROS	163.173,32	8.158,67	171.331,99	
	14.2100.0094.0	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A CASTRO - O FEAL	28.826,67	1.441,33	30.268,00	
	14.2100.0095.0	REDE PLUVIAIS E REP, FIRMES NA RÚA RÍO FURELOS	38.095,24	1.904,76	40.000,00	
		TOTAL	**230.095,23**	**11.504,76**	**241.599,99**	
MESIA	14.2100.0096.0	CMÑO. DA VILA A LÍMITE CONCELLO VILASANTAR E OU.	48.174,24	0,00	48.174,24	
	14.2100.0097.0	CAMIÑO DO MARUZO A FONTEFRÍA (CUMBRAOS) E OUT.	48.151,59	0,00	48.151,59	
	14.2100.0098.0	CAMIÑO EN AMIL E OUTROS	52.059,69	0,00	52.059,69	
		TOTAL	**148.385,52**	**0,00**	**148.385,52**	
MIÑO	14.2100.0099.0	PAVIMENT. VIAS PRRQ. DE CASTRO, MIÑO E SOMBREU	112.038,82	0,00	112.038,82	
		TOTAL	**112.038,82**	**0,00**	**112.038,82**	
MOECHE	14.2100.0100.0	CMÑO. BALOCOS-ESTR. SOMOZAS A XERAL FERROL E OU.	54.246,21	0,00	54.246,21	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0101.0	CAMIÑO ALBARIZA-CASANOVA E (SANTA CRUZ) E OUT.	45.753,79	0,00	45.753,79	
		TOTAL	**100.000,00**	**0,00**	**100.000,00**	

MONFERO	14.2100.0102.0	CMÑOS.VILACHA,S.FIZ, QUEIXEIRO, STA.XIÁ, VAL XES.E OU.	113.401,72	5.968,54	**119.370,26**	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**113.401,72**	**5.968,54**	**119.370,26**	
MUGARDOS	14.2100.0103.0	MELL.TRAV. FIEITEIRAS E DAS RÚAS COTELLÓN E MARIA	144.625,22	8.615,44	**153.240,66**	
		TOTAL	**144.625,22**	**8.615,44**	**153.240,66**	
MUXÍA	14.2100.0104.0	LIÑA ABASTEC. NUCLEOS RURAIS E DISTRIB. EN LEIS	182.818,89	0,00	182.818,89	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraest. Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0105.0	ACONDICIONAMENTO RUA ALCALDE ANTONIO BARROS	49.440,82	0,00	49.440,82	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0106.0	SANEAMENTO E BOMBEO Á EDAR NO NUCLEO OS MUIÑOS	44.440,41	0,01	44.440,42	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**276.700,12**	**0,01**	**276.700,13**	
MUROS	14.2100.0107.0	CAMIÑOS EN ESTEIRO E TAL	63.062,35	13.903,61	76.965,96	
	14.2100.0108.0	CAMIÑO DE PANDO. TOREA	56.268,99	12406,17	68.675,16	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0109.0	CAMIÑOS EN LOURO E TAXES	52.729,27	11.625,81	64.355,08	
	14.2100.0110.0	MELLORA DAS INFRA, HIDRAULICAS EN BAÑO, SERRES	76.407,65	15.316,75	91.724,40	Acreditación da obtención da autorización de Costas
		TOTAL	**248.468,26**	**53.252,34**	**301.720,60**	

NARÓN	14.2100.0111.0	PAVIMENT.CMÑOS VIDUEIROS, CONGOSTRAS E ANSEDE	81.058,18	4.499,86	85.558,04	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0112.0	PAVIMENT.CMÑOS PRADEDO, COLMEOTE E BERGANTIÑOS	73.820,61	4.098,07	77.918,68	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0113.0	PAVIMENT.CMÑOS DE PLACENTE, FORXAS E VIDUEIRO	76.096,97	4.224,44	80.321,41	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0114.0	CONEXIÓN ABAST.E SANEAM. EN FERNANDE CASTRO	57.240,03	3.177,62	60.417,65	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**288.215,79**	**15.999,99**	**304.215,78**	
NEDA	14.2100.0115.0	PAV. NAS AUGAS, PENAME, ARDÁ-FONTEVELLA, E OU.	55.475,86	24,73	55.500,59	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**55.475,86**	**24,73**	**55.500,59**	
NEGREIRA	14.2100.0116.0	SANEAMENTO EN CAMPOLONGO E PAV. EN MARCELLE	59.274,05	0,00	59.274,05	
	14.2100.0117.0	ASF. RASTREVA E BEIRARRÚAS PEDRA MAMOA-CAMPOS	58.745,48	0,00	58.745,48	
	14.2100.0118.0	PECHE NAVE E PISTA DE ACC.PUNTO LIMPO POLÍG. IND.	41.251,16	0,00	41.251,16	
		TOTAL	**159.270,69**	**0,00**	**159.270,69**	
NOIA	14.2100.0119.0	MELLORA DAS BEIRARRÚAS NO BARRIO DE LABARTA	173.610,29	0,00	173.610,29	
	14.2100.0120.0	MELL. ESTACIÓN DE TRAT. DE AUGA POTABLE EN NOIA	74.155,91	0,00	74.155,91	
	14.2100.0121.0	ADECUACIÓN DA PRAZA DE SOSFREIXOS	19.273,24	34.208,06	53.481,30	
		TOTAL	**267.039,44**	**34.208,06**	**301.247,50**	
OLEIROS	14.2100.0122.0	MELL.VIAIS DE JIMENEZ HERRERO, ILLA DO PORTELO E OU.	208.539,95	0,00	208.539,95	
		TOTAL	**208.539,95**	**0,00**	**208.539,95**	

ORDES	14.2100.0123.0	CAMIÑO PEDREIRA (CRUCE)-MEITUFE (LEIRA E OUTROS	123.920,13	7.278,66	131.198,79	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0124.0	CAMIÑO VIDUEIRO A XERAL (ORDES) E OUTROS	84.969,79	4.990,85	89.960,64	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
	14.2100.0125.0	CAMIÑO RAMIL-RAICES (BARBEIROS) E OUTROS	123.984,95	7.282,47	131.267,42	
	14.2100.0126.0	BOMBEO DE SANEAMENTO NA BREA (ARDEMIL)	68.872,52	4.045,35	72.917,87	
		TOTAL	**401.747,39**	**23.597,33**	**425.344,72**	
OROSO	14.2100.0127.0	REDE VIARIA NA ESTACIÓN DE OROSO E O CRUCEIRO	44.031,95	3.776,86	47.808,81	
	14.2100.0128.0	CAPA RODADURA ALTIBOA,O CASTRO DE RECOUSO E OU.	112.498,89	9.649,64	122.148,53	
	14.2100.0129.0	MELL. REDE VIARIA ZAN ,VILARES, A IGREXA E PIÑEIRÓN	44.943,89	3.855,08	48.798,97	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	14.2100.0130.0	SANEAM. RÚA DO BARREIRO E RÚA DA ULLOA (SIGÜEIRO)	40.743,09	3.494,75	44.237,84	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**242.217,82**	**20.776,33**	**262.994,15**	
ORTIGUEIRA	14.2100.0131.0	PAV. ERMO,SENRA, FREIRES,S.CLAUDIO,MERA E S, ADRIAN	121.122,62	0,00	121.122,62	
	14.2100.0132.0	AGLOM. SANTA MARTA E AS NEVES, DEVESOS E OUT.	141.497,40	0,00	141.497,40	
	14.2100.0133.0	SINALIZ.PRRQS. DEVESOS, INSUA,O ERMO,AS NEVES E OU.	36.308,54	0,00	36.308,54	
		TOTAL	**298.928,56**	**0,00**	**298.928,56**	
OUTES	14.2100.0134.0	INTERIORES EN QUINTELA (STO. OURENTE) E OUTROS	33.922,42	0,00	33.922,42	
	14.2100.0135.0	INTERIORES EN ALBEIDA (SAN COSME)	56.224,74	0,00	56.224,74	
	14.2100.0136.0	INTERIORES EN CARLEO DE ABAIXO (OUTES) E OUTROS	39.145,11	0,00	39.145,11	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	**129.292,27**	**0,00**	**129.292,27**	

OZA - CESURAS	14.2100.0137.0	AGLOM. PRRQS. PORZOMILLOS - RODEIRO E BANDOXA	87.929,96	0,00	87.929,96	
	14.2100.0138.0	PAV.PRRQ.DORDAÑO,LOUREDA,BRAGADE, BORRIFANS E OU.	88.768,02	0,00	88.768,02	
		TOTAL	**176.697,98**	**0,00**	**176.697,98**	
PADERNE	14.2100.0139.0	PAV.PARRQ.VIÑAS,VELOUZAS, SOUTO,VILAMOUREL E VIGO	55.321,10	0,00	55.321,10	
		TOTAL	**55.321,10**	**0,00**	**55.321,10**	
PADRÓN	14.2100.0140.0	REMOD. RUA ENLACE PARQUE (PADRÓN) E OUT.	69.933,72	0,00	69.933,72	Acreditación da dispoñibilidade de terreos
	14.2100.0141.0	PAVIMENTACIÓN E ACOND.PISTA LUGAR DE LAMAS	33.830,56	0,00	33.830,56	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
	14.2100.0142.0	COLECTOR XRAL. NOVA SITUACIÓN EDAR CARCACIA	36.757,06	0,00	36.757,06	Acreditación da obtención da autorización Augas de Galicia Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**140.521,34**	**0,00**	**140.521,34**	
O PINO	14.2100.0143.0	ESTRADA LOCAL DE N547 A ASTRAR (ARCA) E OUTROS	68.110,26	3.584,76	71.695,02	
	14.2100.0144.0	ESTRADA LOCAL DE N547 A DP 6601 (O PINO) E OUTROS	68.602,16	3.610,64	72.212,80	
	14.2100.0145.0	ESTRADA LOCAL EN GRADAMIL E OUTROS	75.152,70	3.955,41	79.108,11	
		TOTAL	**211.865,12**	**11.150,81**	**223.015,93**	
POBRA DO C.	14.2100.0146.0	SAN. VILAS, O FOXO, ARMENTAL E CRUCEIRO NOVO	115.197,60	0,00	115.197,60	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**115.197,60**	**0,00**	**115.197,60**	
PONTECESO	14.2100.0147.0	RENOV.PAV. PRAZA DO RECHEO E RÚAS ADXACENTES	49.557,28	0,00	49.557,28	
	14.2100.0148.0	RENOVACIÓN PAV.RÚA VEREDA E NÚCLEO DA OURADA	34.385,99	0,00	34.385,99	

	14.2100.0149.0	RENOV. PAV. NA ESTRADA MPAL. DE GÁNDARA A SEIXOS	52.703,90	0,00	52.703,90	
	14.2100.0150.0	MELLORA DE CAMIÑO PÚBLICO EN XORNES	30.010,47	0,00	30.010,47	
	14.2100.0151.0	RENOV. PAV. ESTR. MPAL. DA LAMELA ATA STA. CRUZ	43.355,45	0,00	43.355,45	
	14.2100.0152.0	RENOV. PAV. NA ESTR. MPAL. DE AC-424 ATA CURRÁS	45.888,89	0,00	45.888,89	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**255.901,98**	**0,00**	**255.901,98**	
PONTEDEUME	14.2100.0153.0	PAV. ESTR. VELLA-ENTRONQUE N-651 (ANDRADE) E OU.	45.164,51	0,00	45.164,51	Acreditación da obtención da autorización Ministerio de Fomento Acreditación da obtención da autorización Augas de Galicia Acreditación da obtención da autorización Axencia Galega de Infra.
	14.2100.0154.0	RENOV. ABAST. R/ DCTR. VILLANUEVA, TORRENTE E OU.	33.323,51	0,00	33.323,51	
	14.2100.0155.0	PAVIMENTACIÓN EN OLMO-AVENIDA CASTELAO	38.419,39	0,00	38.419,39	Acreditación da obtención da autorización Ministerio de Fomento
	14.2100.0156.0	PAVIMENTACIÓN RUA FONTENOVA (PONTEDEUME)	40.163,05	0,00	40.163,05	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
		TOTAL	**157.070,46**	**0,00**	**157.070,46**	
PONTES DE G. R.	14.2100.0157.0	PAVIMENTACIÓN DA PISTA A CAMPO DA COVA	79.718,27	0,00	79.718,27	
	14.2100.0158.0	PAVIMENT. DA PISTA ENTRE COVELOS E MARRAXÓN	36.846,93	0,00	36.846,93	
	14.2100.0159.0	REMODELACIÓN DA PRAZA DO HOSPITAL	395.508,94	0,00	395.508,94	Informe de supervisión técnica favorable
		TOTAL	**512.074,14**	**0,00**	**512.074,14**	
PORTO DO SON	14.2100.0160.0	REF. PRAZA DO CURRO E CONTORNA EN PORTOSIN	170.104,26	0,00	170.104,26	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
		TOTAL	**170.104,26**	**0,00**	**170.104,26**	
RIANXO	14.2100.0161.0	SANEAMENTO DO LUGAR DA CASILLA-O ARAÑO	95.753,82	0,00	95.753,82	
	14.2100.0162.0	PAVIMENTACIÓN ACCESO PRAIA DAS CUNCHAS	90.182,38	0,00	90.182,38	
		TOTAL	**185.936,20**	**0,00**	**185.936,20**	

RIBEIRA	14.2100.0163.0	RENOV. SERVIZOS E PAV.TRAMO R/ DOS REMEDIOS	106.563,91	0,00	106.563,91	
	14.2100.0164.0	PISTAS DEPORT., PARQUES INFAN.ARTES E FONTERRAMIL	104.800,02	0,00	104.800,02	
	14.2100.0165.0	BEIRARRUAS AGUIÑO - A GRAÑA (LC-7306)	241.785,43	0,00	241.785,43	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

Pablo González Cacheiro”

50.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “CONSTRUCIÓN DE ESCOLA INFANTIL”.

INTERVENCIÓNS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, imos votar favorablemente este punto, pero quixera facer unha reflexión sobre as subvencións nominativas que aprobamos, que proveñen da Comisión de Cooperación e da Comisión de Contratación. Vostede sabe, e sabemos todos, e falamos aquí en varios Plenos que os principios xerais para a concesión de subvencións son os de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, e loxicamente poden formalizarse subvencións nominativas sempre por razóns extraordinarias, de interese público e que deben de acreditarse expresamente.

Non dubidamos do interese público de todas estas obras e doutras obras que poderían estar e non están, pero o certo é que todas as obras que financiamos e que aprobamos neste Pleno e que aprobaremos nos seguintes plenos cos fondos das subvencións, poderían aprobarse nun Plan de cooperación ou un plan para os concellos da provincia. Pero neste Pleno facemos algo que non fixemos ata agora, hai unha nota de reparos da Intervención, e neste Pleno temos que levantar o Pleno da Deputación os reparos, e temos que acreditar o Pleno da Deputación as razóns extraordinarias, de interese público de todas estas obras, entón, como disto xa falamos en varios Plenos, varias veces, eu propoñeríalle, porque estamos vivindo momentos en que a xente demanda máis transparencia, demanda outra actitude dos políticos, recoñecendo que eu cando fun presidente din subvencións nominativas, por suposto, pero é que os tempos están cambiando e que isto de que os Plenos teñen que levantar os reparos de fiscalización e acreditar, sen ter un coñecemento cabal das obras, que teñen un interese público, creo que é algo excepcional, que non deberiamos de converter na norma habitual. Polo tanto, eu rógolle, para a súa consideración, se o considera oportuno, que no futuro as subvencións nominativas se dean porque se teñen que dar, obviamente, sempre que se acredite o interese público, e todas estas subvencións nominativas destinadas a concellos, que se faga un plan, coas excepcionalidades que sexan, coas especificidades que sexan, para evitar que teña que ser o Pleno da Corporación o que teña que asumir que temos que certificar e levantar un reparo, que non é competencia do Pleno.

Polo tanto, unha vez máis, reitero a posición do Grupo Socialista, na medida do posible, tratar de que todas as obras, todas as subvencións nominativas que van destinadas a obras e servizos nos concellos, e que teñen cabida nos plans da Deputación, se inclúan eses fondos nos plans da Deputación, e se repartan cos criterios que se reparte o POS, sen negar a posibilidade de que haxa subvencións nominativas, porque seguro que hai razóns que aconsellan facer subvencións nominativas.

Sr. López Crespo

Ben, en primeiro lugar, darlle a benvida ao compañeiro de Mazaricos, veciño da meseta do Xallas, e desexarlle todo o mellor aquí nesta cámara, é de terra de deputados provinciais, supoño que iso notarase, a escola deixada aquí.

Dito isto, unha pequena intervención ao fío da do Sr. Moreda, fala vostede de dous aspectos, uns xurídicos e outros políticos, eu nos argumentos xurídicos non son precisamente moi hábil, pero vou manexarme un pouco no terreo da especulación, entón poder dicir que o lexislador cando fala da publicidade, da concorrencia, todo iso, eu considero que non se refire expresamente cando se reparte fondos entre administracións, a publicidade e a concorrencia estaría máis ao fío de cando se repartiran subvencións para outras entidades, ou outro tipo de convenios ou contratos con empresas privadas. Neste caso, ninguén dubida, repito, falo do espírito, que é moi especulativo pola miña parte, ninguén falaría de nocturnidade, subxectividade no reparto, entre institucións que son os concellos, a maioría dos convenios, e a Deputación que é un organismo, en principio, reequilibrador do reparto dos fondos do Estado para eses concellos, no que respecta ao aspecto xurídico.

Logo hai tamén dentro do aspecto xurídico algo ao fío de que vostede di que cambian os tempos, tanto cambian os tempos que o propio Goberno central nunha lei de estabilidade, sostibilidade e racionalidade, fala do papel que han de facer as deputacións cos concellos de menos de 20.000 habitantes, fundamentalmente, e está claramente que é apoialos e socorrelos dentro das súas necesidades. Nese sentido esta Deputación da Coruña, eu dígoo moitas veces, pero teño que dicilo unha vez máis, é exemplar na forma de repartir os cartos, e agora xa no eido puramente político, cando o Goberno desta Deputación adxudica e atribúe convenios ou subvencións nominativas, son moitos os razoamentos, son moitos os obxectivos que se queren cumprir con esas subvencións, e son moitas as motivacións dos alcaldes ou dos concellos que solicitan estas nominativas, e sería moi difícil agrupalas nuns criterios xenéricos para todos os concellos, polo tanto, neste caso, haberá que confiar no sentido común dos gobernos respectivos da Deputación, e nalgún caso, no sentido común e no bo facer do presidente, neste caso, da institución da Deputación.

Por que aparecen reparos aquí?, os reparos non aparecen por unha cuestión de cambio de tempos, aparecen por un imperativo legal, é dicir, un técnico nacional ve o expediente, mírao, e di, ben, "isto non está…", superpóñeo coa normativa e di "isto non coincide co que di a normativa, e temos que facer un reparo porque non hai publicidade, non hai concorrencia, non se acredita a urxencia". Pois teremos que corrixir politicamente, dende o goberno da Deputación, teremos que corrixir todas estas propostas de subvencións e de convenios que van ao Pleno, que aparecen timidamente xustificados, e quen ha de facer esta xustificación mellor?, o concello que

solicita ese convenio ou esa subvención, non é nin máis nin menos, ese concello é o que ten que, no momento de solicitar a subvención, a nominativa, ou o convenio, ten que argumentar porque non o presentou no Plan de obras e servizos, no DTC, e se o presenta agora nunha cuestión á parte, seguro que todas teñen unha motivación. Só estariamos de acordo nalgún caso puntual, de pequenas subvencións, de dez, doce mil euros, que ao mellor habería que incluílas na convocatoria xeral, pero tamén é certo que esta excepcionalidade queda patente cando se ve a extemporaneidade do acontecemento, é dicir, alguén chega e di, unha festa moi importante de interese extraordinario, que lle organizan no mes de setembro, e non podía estar previsto no orzamento dese ano, entón é necesario dar unha nominativa, ou un convenio de colaboración.

E xa remato, odio, odiamos neste Grupo Provincial, ese rancio e desacreditador argumento do "e ti máis", pero si que non podemos deixar pasar sen dicir que esta Deputación leva bastantes anos repartindo este tipo de nominativas, con volumes superiores ao que leva feito este Goberno, e nunca neste Pleno se abriu o debate de se aí podía haber subxectividade, se aí podía haber escurantismo e, en todo caso, se aí podía estarse inculcando a lei que rexe en cada momento. Só dicir que, por exemplo, no ano 2010 a Deputación outorgou un 8,28 % do su orzamento en nominativas, estamos agora moito por debaixo da metade, e tamén curiosamente, no ano 2010, alá polo mes de maio do 2010, fíxose unha aprobación dunha creación extraordinaria de crédito para dar subvencións nominativas e convenios por importe de vinte millóns de euros, 20.500.000 euros, isto no 2010, no 28 de maio. Nin está tan lonxe o 2010, nin está tan próxima do que vostedes propoñen na concesión desas subvencións.

Repito, pedindo desculpas aos técnicos nacionais pola especulación nos argumentos xurídicos, pero si pedíndolle ao Sr. Moreda que, é certo que ás veces pódese reflexionar sobre a conveniencia ou inconveniencia destas nominativas, pero sempre os argumentos do outorgamento destas nominativas ou convenios, non vén da cúpula da Deputación, vén da base da Deputación, a base da Deputación son os concellos, e a partir de agora si que é posible que teñamos que dicirlle aos alcaldes, señores, cando pidas un concello, cando pidas un camión do lixo, cando pidas un coche de protección civil, cando pidas arranxar os camiños desfeitos, argumenta de forma axeitada a necesidade dese investimento.

E xa remato, dicir que non hai nin unha soa obra das que se poden denominar faraónicas, todas son obras do que agora se denomina competencias propias, ou as veces competencias impropias. Acabouse, esta Deputación e este Goberno, acabou con campos de fútbol por doquier, piscinas por doquier, beirarrúas por doquier, e iso é importante, a sensatez e a oportunidade e que todos os convenios e todas subvencións van mellorar substancialmente o estado do benestar dos veciños deses concellos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, eu dixen que cando fun presidente din subvencións nominativas, non o nego, e dinas porque considerei que eran necesarias, non se poden comparar subvencións nominativas dun ano e doutro porque hai que ver que se dan, subvencións nominativas, as piscinas climatizadas ían como subvencións

nominativas e cada piscina era un millón e medio de euros, por exemplo. Pero non estamos discutindo porque creo que non é dicir "e ti máis" ou "e ti facías", e non sei que, estamos vivindo o tempo que estamos vivindo e cada tempo require as súas cousas, e ten as súas circunstancias.

Fala vostede de que a Deputación ten que axudar aos menores de 20.000 habitantes, certo, pero estano incumprindo vostedes porque o artigo 36 da Lei de bases de réxime local di que a competencia da Deputación é a asistencia e cooperación técnica, económica e xurídica aos concellos, especificamente aos de menor capacidade económica e de xestión, e resulta que aprobamos un DTC onde se prima á Coruña, a Ferrol e a Santiago, pero ben, non quero entrar nese debate outra vez.

O que estamos dicindo, quen está xustificando aquí non é a base, os concellos, está xustificando a cúpula, é o Pleno desta Deputación o que está certificando e acreditando o interese público desas obras, non son os concellos, somos nós, e estamos asumindo un risco. E por outra parte, todas as obras que se financien con estas subvencións nominativas teñen cabida nos plans da Deputación, é dicir, non é unha piscina municipal climatizada, é arranxo en vías municipais, accesos a Santaia, arranxo en camiño en Casanova, construción de senda peonil, iluminación na parroquia de Pormozillos, son obras que caben perfectamente. Entón, eu entendo que hai circunstancias que aconsellan outorgar subvencións nominativas, hai que acreditalas, pero estanse utilizando e utilizáronse para financiar obras que teñen cabida nos plans da Deputación, e eu digo, fágase un plan coas excepcionalidades que se queiran, recollendo as circunstancias especiais, pero deixemos xa progresivamente as subvencións nominativas e trasladémolo a plans, entre outras cousas porque temos que estar nós levantando os reparos, o Pleno do concello, e se non, como vostede di, que motiven os concellos cando queiran unha subvención nominativa, que motiven perfectamente o interese público e a excepcionalidade desa obra, e non terei nada que dicir, pero que non nos traian á Deputación o compromiso de ter que motivalo nosoutros cando eu persoalmente non coñezo o proxecto técnico dos accesos a Santaia, non sei se está motivado, non o sei, tampouco é a miña competencia, é competencia deles.

É dicir, esta é unha reflexión que se pode aceptar ou non se pode aceptar, pero creo que os tempos esixen cada vez máis transparencia, e non digo que se fagan con falta de transparencia nin que se estea conculcando nada, por Deus, na miña intervención non foi así, e creo que é bastante conciliadora, simplemente que hai uns tempos novos que aconsellan outra forma de facer as cousas, e consideramos que incluso os concellos gañarían máis, se se mete todo nun plan, que facendo por subvencións nominativas, é unha opinión que eu teño, que comparte o meu Grupo, que sei que comparte o Grupo do BNG, e que estamos nun momento en que se poden facer estas reflexións de cara ao futuro, nada máis, se queren acéptanas ou asúmenas, e se queren non, por suposto.

Sr. López Crespo

Insistir no dos tempos novos, eu, e aquí son eu, non diferencio os tempos políticos de hoxe aos tempos de hai vinte anos, o que hai é que ter a claridade no reparto de recursos públicos, de ser equitativo, de ser xusto e, se se pode, que é moi

difícil, ser oportuno. É dicir, por que xorde, Sr. Moreda, o seu debate interno?, porque o Pleno ten que levantar un reparo, por que a Intervención – e non falei coa Intervención deste debate, e sígome movendo no eido da especulación- por que a Intervención pon reparos? Porque lle chegarán os expedientes sen os razoamentos debidos para xustificar neste caso esa excepcionalidade, por iso nós, nesa función didáctica que ten toda institución política, esta Deputación terá que dicirlle aos señores concellos, "mire, alcaldes, concelleiros, cando mandedes iso, mandádeo debidamente argumentado". E sobre a responsabilidade de levantar o reparo, aquí xa non é no eido da especulación, é do risco de meter a pata, pero non teña vostede medo ningún, polos meus vinte anos de experiencia, dígolle que non lle vai pasar nada, e desde logo, asumir desde esta Deputación as lagoas dos concellos, é unha obriga e cando entramos aquí, temos que asumila.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de San Sadurniño para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	San Sadurniño
DENOMINACIÓN DA OBRA	Construción de Escola Infantil.
PRESUPOSTO DO PROXECTO	109.677,42 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	85.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	24.677,42 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	77,49999%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "CONSTRUCIÓN DE ESCOLA INFANTIL EN SAN SADURNIÑO"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de San Sadurniño, Secundino García Casal

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de San Sadurniño ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de San Sadurniño con CIF P1507700A, para o financiamento da obra de **"CONSTRUCIÓN DE ESCOLA INFANTIL EN SAN SADURNIÑO",** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta municipal MONTSERRART RUIZ FERNÁNDEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	76.170,16
Gastos xerais (13%)	9.902,12
Beneficio industrial (6%)	4.570,20
IVE (21%)	19.034,92
Orzamento de contrata	109.677,42

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 85.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 77,49999%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,49999% da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a

unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandito porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de

mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, dp 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Diego Calvo Pouso

Secundino García Casal”

51.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA AO 28.02.2014 E PROXECCIÓN AO 31.12.2014.

Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria ao 28/02/2014 e proxección ao 31/12/2014.

52.-MODIFICACIÓN DA BASE 50 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO: SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Despois de examinar a documentación que se presenta, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.-Aprobar as modificacións nos datos dos NIF que figuran nestas transferencias:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	IMPORTE
0510/422B/467.00	V 15060478	CONSORCIO PROFERIAS DE FERROL	Achega ano 2014	120.000,00
0612/334A/452.00	G70041025 (*)	FUNDACIÓN E.U. RELACIÓNS LABORAIS	Gastos funcionamento ano 2014	5.000,00

2.-Aprobar as modificacións do NIF e da razón social na subvención seguinte:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	IMPORTE	PRESUP.	% Financ
0611/231D/481	G15798655 (**)	FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA	Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada da provincia da Coruña.	17.010,00	24.300,00	70,00%

3.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do RD 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación da base de execución do presuposto."

53.-ACORDO SOBRE A FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS CONCELLOS DE CURTIS, SOBRADO DOS MONXES E VILASANTAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"PRIMEIRO.-Informar favorablemente a proposta de prestación conxunta do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos polos concellos de Curtis, Sobrado dos Monxes e Vilasantar, tal e como se regula no convenio de colaboración asinado o día 20 de maio de 2013.

SEGUNDO.-Sen prexuízo da proposta que se formula, en todo caso os Concellos de Sobrado dos Monxes e Vilasantar, no exercicio da súa autonomía, deberán levar a cabo as actuacións necesarias para garantir o axeitado financiamento deste servizo con estrito cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

TERCEIRO.- Que o expediente lle sexa remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, consonte ao disposto no artigo 26.2 da Lei 7/85, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, co fin de que decida finalmente sobre a proposta formulada, así como á Comunidade Autónoma de Galicia, para o efecto de que o órgano que exerce a tutela financeira sobre as entidades locais emita informe ao respecto."

54.-ACORDO SOBRE A FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE PADRÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"PRIMEIRO.-Vistos os antecedentes e informes que constan no expediente, aceptando que de momento non se pode prestar o servizo agrupadamente cos Concellos de Rois e Dodro e tendo en conta que o Concello ten previsto un contrato no que se prima especialmente a redución dos custos derivados do tratamento de residuos, trasladándose ao concesionario parte do risco asociado á xestión integral dos residuos, asumindo o Concello o compromiso de levar a cabo as medidas fiscais necesarias para garantir a sustentabilididade financeira do servizo, considérase acreditado que o Concello de Padrón vai levar a cabo a recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos a un custo efectivo menor que o derivado da xestión directa por esta Deputación ou agrupada cos municipios limítrofes

SEGUNDO.-Sen prexuízo da proposta que se formula, en todo caso o concello de Padrón, no exercicio da súa autonomía, deberá levar a cabo as actuacións necesarias para garantir o axeitado financiamento deste servizo con estrito cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

TERCEIRO.- Que o expediente sexa remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, consonte ao disposto no artigo 26.2 da Lei 7/85, segundo redacción dada pola Lei 27/2013, así como á Comunidade Autónoma de Galicia."

55.-DAR CONTA DO ANTEPROXECTO DE INFORME EMITIDO POLO TRIBUNAL DE CONTAS SOBRE A FISCALIZACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS E DA XESTIÓN DOS SISTEMAS DE PROMOCIÓN DA INTERVENCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS.

Tomar coñecemento do anteproxecto de informe emitido polo Tribunal de Contas sobre a fiscalización das retribucións e da xestión dos sistemas de promoción da intervención das entidades locais.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do Grupo Socialista relativa á promoción da Ruta Xacobea coñecida como camiño inglés.

Sr. Presidente

Se lles parece, en primeiro lugar debatemos a moción presentada polo Grupo Socialista, que era a que estaba presentada en tempo e forma, e que hai dúas urxentes que debateremos a continuación.

Sr. Leira Piñeiro

Bos días a todos, dar a benvida en primeiro lugar ao novo compañeiro na Corporación, e paso a continuación á exposición de motivos da moción presentada.

O camiño de Santiago aglutina características que o converte nun elemento destacado do noso patrimonio cultural. O seu significado relixioso e interese cultural, o seu potencial turístico, converten á Ruta Xacobea nun recurso con potencial enorme para xeración da actividade cultural e económica ao longo dos diferentes trazados.

Lonxe da masificación doutros camiños, o Inglés é un trazado que actualmente discorre por localidades recuperadas en virtude de documentos, escrituras e rexistros que facían referencia ás súas demarcacións ou ao paso e estancia de viaxeiros. Son tres etapas, ou tres xornadas, ou tres días, desde A Coruña e cinco desde Ferrol, os camiños conflúen na aldea de Bruma. A ruta A Coruña- Santiago conta con 74 quilómetros, o percorrido entre os tramos de Ferrol e Santiago suman 118 quilómetros e trátase dunha ruta de marcado carácter costeiro, rural e tamén interior, o que fai tamén unha ruta cunhas características moi especiais.

Non só os peregrinos ingleses optaban por iniciar as rutas desde as costas coruñesas cara a Compostela, en realidade o coñecido como camiño inglés, coas súas variantes desde A Coruña e Ferrol, eran no alto e no baixo medievo un compendio de itinerarios percorridos por devotos ingleses, pero tamén por escoceses, irlandeses, escandinavos ou flamencos, xente que viña do norte, xente que viña do oeste de Europa. Por iso eran varios os portos de partida e o xogo de entrantes e saíntes o que facían que o camiño o bautizaran como a vía Magnus sinus Artabrorum,

ou golfo Artabro, constituía en conxunto o punto de arribada das peregrinacións, valéndose daquela, por terra, dos antigos Camiños reais ou sendas.

O Camiño de Santiago vaise consolidando co paso dos anos nun dos atractivos turísticos máis importantes en Galicia, proba diso é que gran parte dos visitantes da Comunidade Autónoma chegan directa ou indirectamente a través desta ruta de peregrinación milenaria. Constitúe sen dúbida unha marca turística de éxito, internacionalmente coñecida e, a súa vez, cun prestixio xa recoñecido tamén, polo tanto polo valor, como tamén polos bens de Patrimonio da Humanidade.

Hai que destacar que se conseguiu diversificar o seu produto Camiño de Santiago, valorizando outras áreas do territorio galego e distribuíndo de mellor xeito as rendas produtivas por este produto turístico.

Ademais, un dos aspectos clave á hora de coñecer o Camiño de Santiago, tanto a nivel nacional como internacional foron as diversas campañas de comunicación e promoción desenvolvidas ao respecto.

Noutro sentido, en moitos municipios, o interese e a implicación da administración pública, e da iniciativa privada tamén, permiten a posta en valor do Camiño de Santiago, convertíndoo nun recurso referente e principal do seu sector turístico. A súa condición de produto turístico, que leva asociados numerosos servizos, fai que sexa un fenómeno económico que xera rendas e empregos, moi importante neste momento, así como tamén un instrumento de desenvolvemento rexional capaz de revitalizar os lugares que atravesa.

Un dos obxectivos explícitos do desenvolvemento turístico por parte das administracións é a creación de fontes de ingresos adicionais e postos de traballo para a poboación local. Para a estrutura económica é importante unha diversificación das actividades produtivas de acordo co deseño dun produto turístico que integre aloxamentos, actividades complementarias, produtos agroalimentarios e artesanía. As asociacións de desenvolvemento turístico, por exemplo a través dos investimentos en infraestruturas, tamén se poden converter nunha mellora das condicións socioeconómicas da poboación residente ao repercutir no non despoboamento, producindo unha estrutura demográfica máis equilibrada.

Por todo iso, e por seguramente moitas razóns máis, o Grupo do PSdeG, o Grupo que está nesta Cámara, quere pedirlle á Cámara os seguintes acordos:

Que o Pleno da Deputación provincial acorde levar a cabo o desenvolvemento dun plan de promoción turística, cultural, socioeducativa da ruta xacobea coñecida como Camiño Inglés no seu percorrido polos termos por onde pasan os concellos, e contando coa opinión destes, por suposto, e que teña como obxectivo a revalorización desta ruta xacobea que atravesa a provincia ata a cidade de Santiago de Compostela. Este plan contemplará aspectos relixiosos, culturais, turísticos, desde parámetros de excelencia e responsables coa accesibilidade.

O Pleno da Deputación provincial tamén que acorde propoñer á Xunta de Galicia para que se establezan programas de cooperación transfronteiriza co Goberno da Xunta e co Reino Unido, así como cos países nórdicos, co fin de promocionar o

camiño inglés ata Compostela, nas súas distintas variantes, tanto desde A Coruña o desde Ferrol.

Polo tanto, con eses dous puntos que poderían ser quizais algúns máis porque a filosofía desta moción é a de sumar e de que a Deputación teña a iniciativa precisamente ante esta actuación, o que pedimos é someter a que os compañeiros da Corporación votemos de forma maioritaria, unánime se é posible, por esta moción. Moitas grazas.

Sr. Muíños Sánchez

O Grupo do BNG vai apoiar, neste último senso que acaba de comentar o compañeiro do Partido Socialista, na posibilidade ou de ver de ampliar non só a protección e a campaña de divulgación ao que é o camiño inglés, senón a todos os camiños que dalgunha maneira tamén están desprotexidos dentro da provincia e que poderían afectar ao tramo sur do camiño portugués, mesmo tamén a traslatio xacobea, na zona do Barbanza, o camiño primitivo, que tamén collería zona de Arzúa e Sobrado, é dicir, dalgunha maneira que se estendese o espírito que ten a moción a outros camiños que tamén están necesitados alén do que podería ser o camiño francés, máis xenerosamente protexido, ou tamén incluso facer referencia o camiño tamén a Fisterra e Muxía neste mesmo senso, e que se implicase a Deputación, ou que colaborase con outras institucións tamén na promoción e no traballo de difusión doutros camiños na nosa provincia. Aínda así, efectivamente votaremos a favor da moción do Partido Socialista.

Sr. López Crespo

Para empezar só unha especulación de futuro. Dentro de trescentos anos, nun hipotético rexurdimento do espírito apostólico, se nos len as actas deste Pleno dirán "aqueles herexes, con solemne irreverencia, falaban da economía vinculada ao Camiño de Santiago", son paradoxas da vida, e aquí si que vén ao fío o dos tempos, como naceu o camiño e como está agora. Nós estamos de acordo en que o camiño sexa motor de dinamización económica, social, se pode ser canto máis, mellor.

Poucas veces se presenta unha moción con tantas facilidades e posibilidades de ser aprobada por un Grupo de Goberno pero polos argumentos, porén, as mocións son instrumentos que se utilizan en política tamén que hai que manexar moi ben a oportunidade. Entón, neste caso, nós imos votar en contra dela pola oportunidade, é porque é inoportuna, non porque non sexa certo todo o que se pide senón porque a Deputación da Coruña, institución historicamente defensora do desenvolvemento turístico da provincia, precisamente neste eido dos camiños de Santiago, e digo nos camiños, porque todos os camiños que se inventen no mundo, e cando digo inventen é cun pouco de maldade pensando que algúns inventan, pasan pola Coruña, por estar Santiago na Coruña, e a Deputación da Coruña traballa de forma intensa no desenvolvemento destes camiños. No caso do camiño inglés está agora mesmo a traballar, estase tramitando a contratación para redactar unha guía turística que estea en galego e en inglés, e esa é unha promoción do camiño importante, que vai intensificar os lazos entre o noso territorio galego e o territorio inglés, e o daqueles outros países que pasando por Inglaterra veñen para aquí.

Ademais diso, a Deputación vai proximamente a asinar un convenio coa, se non o digo ben desculpen, coa Asociación de Tesouros de Galicia, que é a socia de International National Treasures, para a posta en valor desta ruta, e aí si que todo iso se vai facer cuns principios fundamentais que son, primeiro, a planificación do percorrido involucrando a todos os concellos, comentaba agora o voceiro do PSdeG, efectivamente, involucrando aos concellos, que é importante, que son eles os que coñecen máis polo miúdo o seu territorio. Planificación das distintas etapas e visitas e contidos do camiño inglés, promoción dos tramos que percorren o territorio británico e promoción e sensibilización da poboación a través de iniciativas educativas e de voluntariado. Para iso, a través dos convenios coa Universidade da Coruña e a través desta Asociación Tesouros de Galicia, vaise elixir a dez bolseiros que poidan facer o seu traballo divulgando este camiño inglés.

Por último hai que dicir tamén que dentro desa promoción do camiño inglés da Deputación, e grazas á achega da Fundación Amancio Ortega, e a través de International National Treasures, vaise financiar a plantación de 1.500 árbores neste camiño inglés que lle darán unidade e identidade a este camiño. Repito, os argumentos estamos todos de acordo e o que si queremos é que entre outras achegas da Deputación esta institución lidere na parte que corresponde á provincia da Coruña a promoción, divulgación e apoio a todas as iniciativas que aparezan no eido do camiño inglés e doutros camiños.

Só aproveitar para dicirlle ao representante que falou do BNG, cando nos diluímos en máis camiños a cousa complícasenos máis, tamén agora cinco atrevidos alcaldes da vía de Muros e Noia estamos intentando facer o camiño para Fisterra pola costa, claro que os de Mazaricos e os de Dumbría supoño que xa estarán dicindo, pero que é iso?, nunca ían pola costa, ben, pois agora apareceunos alí un camiño empedrado e, quen sabe se eses vestixios debidamente argumentados por científicos, poida compoñer ese camiño. Esta é unha brincadeira pequena, témonos que concentrar no que temos que concentrarnos, e o Camiño de Santiago, á parte da vinculación e da compoñente de meditación e de invocación ao todopoderoso, ten actualmente ese desenvolvemento económico, social e turístico que a Deputación da Coruña está dando. Por iso, pola inoportunidade da moción, dicimos que imos votar que non.

Sr. Leira Piñeiro

A verdade é que me encanta escoitar ao Sr. López Crespo porque sempre aprendo moito e hoxe non me decepcionou tampouco. Estou totalmente de acordo, e ademais felicito á Deputación, como non podía ser doutra maneira, en canto a que estas iniciativas se poñan en marcha, alégrome de sabelo, xa no día de onte, de que sexa así. Precisamente por iso, por iso esta moción trátase diso precisamente, de sumar, esta é unha moción para sumar, ou se vostedes queren, facemos unha declaración conxunta, realmente sería o de menos o termo ou o título que lle poñamos. O que si pido é a filosofía, a filosofía desta moción ou desta iniciativa é que a Deputación lidere un proxecto, un novo proxecto, que posiblemente sexa unha continuación, xa nalgúns plenos dalgúns concellos dicíase por parte de voceiros precisamente do seu Grupo, de seguir a traballar, ben, pois sigamos a traballar de forma máis coordinada, máis conxunta, e que seguro que virán novos tempos positivos e que seguro que virán cuestións que van facer que o camiño inglés teña un

mellor percorrido, e un mellor percorrido pola cantidade, digamos, de tempo que xa se perdeu, e ese tempo ao mellor que se perdeu, temos que ser todos culpables, isto, repito, non é unha moción que vai en contra de ninguén, senón que é unha moción, repito, para sumar. O camiño inglés ten moitas particularidades, xa empezando polo percorrido que transcorre iniciando dende A Coruña, son 78 quilómetros, vostedes saben que xa hai un primeiro atranco para que a compostelá poida ser recollida, posto que ata os cen quilómetros non pode ser recollida, pois sería xa unha primeira cuestión que habería que empezar a tocar e que a cidade da Coruña puxera en valor precisamente esa saída dende o seu lugar, pero seguro que aparecen moitos máis, porque os concellos, e a propia Deputación, por suposto, ten moito que dicir nisto. Por iso eu entendo que a Deputación ten que liderar este proxecto, foron moitas as iniciativas que se puxeron, e dou constancia porque participei xa dende hai moitos anos nelas, que se puxeron desde os concellos, e concellos de distinta cor política, e que xa mudaron as cores deses concellos, a cor política, refírome, entendo que alguén ten que coordinar todo isto, e creo que a Deputación, o camiño inglés é o único camiño que pasa integramente pola provincia da Coruña, sen desmerecer as opcións que dicía o compañeiro do BNG, que podo compartir, pero o camiño inglés ten unha particularidade, e poñámola en valor, penso que merece a pena, porque outros camiños, outras deputacións, como a de Lugo, a de Pontevedra, a de Ourense, si apostaron por esas rutas, e creo que vale a pena apostar polo camiño inglés, e vale a pena que a Deputación Provincial da Coruña sexa o motor para iniciar este novo percorrido. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: 16 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

Sr. Presidente

Hai presentadas dúas mocións por urxencia, das cales teríamos que en primeiro lugar, votar a urxencia, e en segundo lugar entrar as mocións.
A primeira delas é o que ten relación ao Expediente de modificación de créditos.

Procédese a votar a urxencia, que é aprobada por unanimidade, e apróbase tamén por unanimidade, a seguinte moción:

I. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2014

Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 29.575.985,45 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	5.626.180,33	Remanente de Tesourería:	29.484.985,45
SC. Suplemento créditos:	23.949.805,12	Baixas de crédito noutras aplicacións:	91.000,00
Total de aumentos:	**29.575.985,45**	**Total financiamento:**	**29.575.985,45**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	91.000,00	91.000,00
2. Gastos correntes	1.354.695,99	0,00
3. Gastos financeiros	5.015,41	0,00
4. Transferencias correntes	2.614.050,22	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	6.148.366,56	0,00
7. Transferencias de capital	14.292.857,27	0,00
8. Activos financeiros	70.000,00	0,00
9. Pasivos financeiros	5.000.000,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	**29.575.985,45**	**91.000,00**

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. finan. reman. Tesourería	29.484.985,45
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	**29.484.985,45**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

Sr. Presidente

A segunda moción é froito tamén da Comisión extraordinaria de Facenda que é un convenio.

Sr. Regueira Varela

Manifestar o noso voto desfavorable á urxencia desta moción. Nós entendemos que introducir a calzador con esta urxencia, un convenio cando hai nesta administración pública outros convenios que está totalmente o expediente rematado e que se poderían tamén tramitar, e aínda así están agardando a que, dunha vez por todas, se introduzan no Pleno correspondente para rematar o seu trámite, consideramos que meter isto así cando parece que aínda a documentación non está completamente clara, ou se está é de xa, moi recente, pois parécenos que é, dalgunha maneira, agraviar a outros concellos que cos trámites totalmente rematados aínda están agardando a que se lles aprobe un convenio.

En todo caso, non quería tampouco desaproveitar a oportunidade, xa que anteriormente o Sr. Moreda introduciu o tema das nominativas, dicir que estamos de acordo co rogo que facía o Sr. Moreda, non é que esteamos de acordo, é que este Grupo reiteradamente nos últimos plenos vén pedindo, a través de mocións, que o tema das nominativas pase, non por completo á historia, pero si que os sucesivos modificados de crédito e incorporacións de economías se articulen a través de plans provinciais, e aproveitamos para reiteralo. Pero escoitei moi atentamente tanto a intervención do Sr. Moreda, que como digo, compartimos, como non pode ser doutro modo porque xa nós mesmos fixémolo por escrito en repetidas ocasións, pero escoitei tamén a intervención do Sr. portavoz do Partido Popular, o Sr. López Crespo e, efectivamente, quero lembrar unha frase que dixo hai moi pouquiños minutos, el dicía que no Expediente de modificación de créditos e nos convenios que acabamos de aprobar, que son moitos, acabáranse as obras faraónicas e as competencias impropias dos concellos, e facía alusión a un tema concreto, dicía, acabáronse os campos de fútbol “ad hoc”, ben, pois aquí o que estamos pedindo, curiosamente, é que votemos a urxencia dun campo de fútbol, entón, isto non deixa de ser curioso. En todo caso, nós imos votar en contra da urxencia deste convenio.

Sr. Fernández Moreda

Nós non pensabamos intervir neste punto pero como se abriu un debate dicir que imos votar que si á urxencia por unha razón simple, porque se está toda a tramitación feita, todo documentado con todos os permisos e todo perfecto, entendemos que non ten sentido paralizar unha cuestión un mes ata o vindeiro mes, estamos para axudar aos concellos, e se hai un investimento aprobado e está listo todo, aprobémolo aquí que para iso está o Pleno. Nada máis.

Sr. López Crespo

Só dicir que a excepcionalidade da inclusión deste punto na orde do día vén dada porque non foi necesario, nin se fixera, convocar unha Comisión Informativa para este punto, o que acontece é que había que convocar a Comisión Informativa

polo da modificación de crédito, e aproveitouse que xa se levara a informar na Comisión de Plans e quedou sobre a mesa por culpa de que tiña algunha falta de documentación, esa documentación completouse absolutamente, como quedou acreditado hoxe na Comisión e por iso tráese por urxencia, que era a vía que había, a moción de urxencia, para meter aquí. Repito, a excepcionalidade é, pero cunha condición, de que non se convocou unha Comisión Informativa exclusivamente para iso.

E despois só dicirlle ao portavoz do BNG, eu nunca utilizo a expresión "ad hoc", eu utilizo a propósito, dígoo porque é unha cuestión de imperialismo lingüístico que non me gusta utilizar. Grazas.

Vótase a urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: ningún deputado

Vótase a moción que é aprobada por unanimidade

ACORDO

II. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DE TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE SAN TIRSO DE MABEGONDO."

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública de subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Abegondo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Abegondo
DENOMINACIÓN DÁ OBRA	*Instalación de terreo de xogo de herba artificial no campo municipal de San Tirso de Mabegondo*
PRESUPOSTO DO PROXECTO	241.575,90 €

ACHEGA DA DEPUTACIÓN	193.260,72 €
ACHEGA DO CONCELLO	48.315,18 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

3.- A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2014 no que se consigne crédito suficiente para ou seu financiamento na partida 0430/342A/76201.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

"ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "INSTALACIÓN DE TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE SAN TIRSO DE MABEGONDO"

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte, o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o Alcalde Presidente do Concello de Abegondo, José Antonio Santiso Miramontes

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Abegondo ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO
1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo con CIF P1500100A, para o

financiamento da obra de "INSTALACIÓN **DE TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE SAN TIRSO DE MABEGONDO"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico JOSÉ CARLOS FERNÁNDEZ DANS.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	167.772,69
Gastos xerais (13%)	21.810,45
Beneficio industrial (6%)	10.066,36
IVE (21%)	41.926,40
Orzamento de contrata	241.575,90

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 193.260,72 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.
Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN
1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL
1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1.- Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.
1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requiriralle á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria con data do
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña	O Alcalde-Presidente do concello de Abegondo
Asdo.: Diego Calvo Pouso	Asdo.: Manuel Ramos Pérez”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Muíños Sánchez

Aproveitar tamén para sinalar dentro das efemérides importantes deste ano 2014 tamén os setenta anos da edición do Sempre en Galiza, un libro escrito por Castelao, Castelao tamén hai un premio na propia Deputación importante que agasalla a esta figura de Rianxo e a posibilidade tamén dentro deste ano de celebración que tamén se puidera realizar algunha actividade en colaboración coa Fundación Castelao, por exemplo, que rememore eses setenta anos da edición deste libro fundamental.

Engadir un segundo rogo, tamén, ou máis ben son dúas preguntas, relacionadas sobre se se está a dar resposta á demanda veciñal para rematar a estrada provincial, a reforma da EP 5202 entre Negreira e Ponte Nafonso, no que se realizaron no pasado seis dos vinte e cinco quilómetros, e onde hai ou coñecemos a existencia dunha demanda veciñal, e incluso tamén respaldada por case que todos os grupos políticos de Negreira, se houbo reunión xa tamén do alcalde de Negreira co presidente da Deputación para abordar este amaño e cal é a posición neste momento da Deputación provincial para dar resposta a este asunto.

Unha segunda pregunta tamén ten que ver cun proxecto, neste caso do meu propio Concello de Rianxo, tamén onde se realizaron o ano pasado a expropiación de catro parcelas para ampliar a ponte de Te en Rianxo e que desde entón nada se fixo, o proxecto está en poder da Deputación, e gustaríame saber e coñecer se vai haber algún tipo de previsión para que esta obra importante de seguridade viaria nun tramo de importante tráfico ao carón do polígono industrial, tamén que se vexa que se materializa, e se o ten contemplado dentro das súas previsións a Deputación provincial. Grazas.

Sr. Presidente

Contesto eu polo menos as dúas das que teño. Con respecto aos setenta anos da efeméride do libro de Castelao non temos ningún problema seguramente en que se a Fundación quere levar a cabo algunha actuación ou algunha actividade específica que se poña en contacto loxicamente coa Deputación e intentaremos desde logo tamén estar aí porque é un feito importante como é tamén a exposición de Picasso, e sempre intentamos estar apoiando este tipo de actuacións.

En canto á estrada de Ponte Nafonso, mire vostede, vostede é alcalde, se lle fixera caso, e seguro que teñen razón, a todas as demandas veciñais que ten no seu concello, estaba apañado, e iso non quere dicir que non teñan razón todos os seus veciños, e eu dígolle que con respecto ás reclamacións desa estrada seguro que teñen razón, seguro que é unha necesidade, e intentaremos na medida das nosas posibilidades, é o que lle transmitín ao alcalde, darlle resposta tan pronto poidamos, pero efectivamente, necesidades hai un montón e o orzamento é o que é.

E con respecto á expropiación da Ponte Te voulle dicir ao deputado de Vías e Obras, porque non lla podo dar que non a teño dispoñible, pero que antes, na maior brevidade posible, por favor, trasladarlle a información que solicitou o alcalde de Rianxo.

Sr. Fernández Moreda

Aproveitando a intervención do Sr. compañeiro do Bloque, hai unha estrada que me preocupa, e o alcalde de Arteixo coñeceraa, a estrada provincial 512, que pasa por Uxes, que hai un tramo, está toda perfecta, pero hai un tramo de dous quilómetros que está mal porque a empresa adxudicataria, que creo que é unha UTE, abandonou o traballo, entón creo que desde outubro se pediu que se rescinda o contrato para iniciar de novo un proceso de adxudicación, pediría simplemente, xa

vexo que o presidente da Comisión de Obras coñece isto, que se axilicen os trámites porque é absolutamente necesario adxudicar a obra e que se termine, máis nada.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.